

## ALMAS NA GLORIA: DON PACO

### PERSONAXES

ÁLVARO CUNQUEIRO

CAETANO

**GEORGINA** ~~PEINADOR~~

ESTER

EVELINA

FERMIN PENZOL

FERNANDO

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

MANUEL GÓMEZ ROMÁN

MORENO

RAMÓN OTERO PEDRAYO

RAMÓN PIÑEIRO

RICARDO CARBALLO CALERO

SILVERITO (Víctor Lis)

## ***Festa das Letras Galegas***

### **1**

***O Álvaro Cunqueiro, o Ramón Otero Pedrayo, e o Ricardo Carballo Calero. Están no cemiterio. É o día 17 de maio do ano 2023.***

**ÁLVARO**

***Fala el só. Paco, espílete, que levamos tres anos a agardar por ti.***

**PEDRAYO**

**Pasaríalle algo? O Paco sempre chegou en punto.**

**ÁLVARO**

**Unha miga adiantado. Sempre andou unha miga adiantado.**

**PEDRAYO**

**O nó da garabata. Ben seguro que se enredou co nó da garabata. Hoxe estreará garabata, digo eu.**

**CARBALLO**

**Ai estrea ho. Garabata e traxe. Non pasa por menos.**

**ÁLVARO**

**Iso está da man da Evelina. Ela déixalle a roupa ben aquelada antes de se iren á cama.**

**PEDRAYO**

**Levo unha miga pensando no caso. A miña reflexión lévame a concluír que a causa do atraso ten que ser o nó da garabata.**

**ÁLVARO**

**Pedrayo, estás a fundamentar o teu razoamento no vestiario e non vas ó quid da cuestión. A causa ten que ser máis fonda.**

**CARBALLO**

**Álvaro, que non estamos para metafísica. Hoxe, festa rachada.**

**PEDRAYO**

**Dinos, pois, Sr. Ricardo Carballo Calero, cal é o quid da cuestión?**

**CARBALLO**

**O peiteado. O peiteado para o Paco é a súa paisaxe. Ben seguro que demorou na barbería.**

**ÁLVARO**

**Non. Foi que lle pasou algo. Algo máxico. Pasou. Pasou. Algo lle pasou.**

**PEDRAYO**

**Sr. Álvaro Cunqueiro que lle pasou logo?**

**ÁLVARO**

**Que morreu. E, cando se da ese caso, as persoas mudan os hábitos.**

**CARBALLO**

**Iso é certo. A últimos do 2010 foi o seu pasamento. Deixaría de fumar. Canda o fume do cohiba marcharíalle a puntualidade.**

**PEDRAYO**

**Pois xa vai con tres anos de atraso. O Paco debeu extraviar o cronómetro ou esquecerse da festa.**

**ÁLVARO**

**Esquecerse o Paco dunha festa? Só no caso de que perdese a cabeza.**

**CARBALLO**

**Se a tivese organizado el non pasaría iso. Pero deixouno nas mans da Academia e pasou o que pasou.**

**PEDRAYO**

**E que foi o que pasou?**

**CARBALLO**

**Tivo que quitar número, poñerse na cola e agardar a súa quenda.**

**PEDRAYO**

**O Paco mudou os hábitos por tan pouca cousa?**

**ÁLVARO**

**Tan pouca cousa, non. O pasamento muda a vida de calquera.**

**PEDRAYO**

**Para falar con fundamento, primeiro hai que reflexionar, e despois, argumentar. Argumentar e sacar consecuencias.**

**ÁLVARO**

**Reflexionar sobre que materia, Ramón, e sobre que materia temos que argumentar e sacar a consecuencia.**

**PEDRAYO**

**Sobre o estado.**

**ÁLVARO**

**Sobre o estado?**

**PEDRAYO**

**Non é o mesmo estar vivo que estar morto. No estado de morto os parámetros non contan.**

**CARBALLO**

**Ramón, decátaste de que estás unha miga escatolóxico? Parece que estás nun faladoiro co Risco.**

**PEDRAYO**

**Escoita, rapaz. Aquí só hai un estado. O estado de morto. Eu estou morto, ti estás morto e o Paco está morto. E non hai parámetros. Hai eternidade.**

**CARBALLO**

**Eternidade? E a eternidade non é un parámetro?**

**PEDRAYO**

**Non. No estado de eternidade non sucede nada. Non hai présas. Non esperamos nin desesperamos. Só estamos.**

**CARBALLO**

**Ramón, que estamos a agardar polo Paco! Non negues a evidencia.**

**PEDRAYO**

**O feito de sentírmonos mortos demostra que somos inmortais. Os mortos vivimos na memoria do país. O Paco xa vai para trece anos que goza do estado de morto vivente na alma colectiva do pobo, de a onde hoxe se significa como a figura homenaxeada na Festa das Letras Galegas.**

**ÁLVARO**

**Será por iso polo que o Paco se atrasa. Estará a se preparar para a foto.**

**CARBALLO**

**Estará a se peitear. Non se ía presentar á festa esguedellado.**

**ÁLVARO**

**A culpa vai ser do peite. Quizabes a Evelina se esquecese de llo poñer no peto da chaqueta nova.**

**PEDRAYO**

**O Paco peca un pouco de presumido.**

**ÁLVARO**

**Di vaidoso, Ramón, Di vaidoso. Con dicir tantos pes cuspes a un. Paco-peca-pouco-presumido. Un trabalinguas.**

**PEDRAYO**

**Oes, Ricardo, pon o himno de Riego, verás como o Paco aparece de contado.**

**ÁLVARO**

**Ramón, que hoxe hai foliada. Poñédelle A Miña Burriña**

**PEDRAYO**

**Ricardo, que ti tamén es republicano. Concédelle iso ó noso Farruco, que o Rafael del Riego foi devanceiro del. E, se cadra, tamén se apunta ó trouleo.**

**ÁLVARO**

**Non. O Paco, nas festas, quere A Miña Burriña.**

***Soa A Miña Burriña.***

**2**

***Aparece o Paco fumando un cigarro habano.***

**ÁLVARO**

***Entoa Parabéns para ti , Parabéns para ti***

**ÁLVARO**

**Sesenta anos, Paco. Hai sesenta anos.**

**PACO**

**Anos duros, aqueles.**

**PEDRAYO**

**E tan duros. Anos de medo.**

**PACO**

**Tempos de policía e silencio.**

**ÁLVARO**

**E fuches ti, Paco. Fuches ti quen argallou o Día das Letras Galegas. Teimudo e lento como un boi, aferrácheste á idea e turraches e turraches ata que saíches coa túa.**

**PACO**

**A nosa xeración, a Xeración Galaxia, non podía quebrar a liña iniciada por Faraldo e Solís e fanada polo golpe de estado do 1936. Tiñamos que ser o cordón umbilical que transmitira a Galicia culta e autónoma da Xeración Nós e do Partido Galeguista á xeración seguinte. E iso foi o que fixemos.**

***Recordan a súa vida pasada. Son mortos viventes. Están no cemiterio.***

***A represión.***

**3**

***Goberno civil. Setembro-1936. Don Caetano, Señor do Outeiro, entrégalle ó Gobernador Civil, Coronel Moreno, a lista dos roxos.***

**DON CAETANO**

**Ás ordes de usía, meu coronel.**

**MORENO**

**Sente, don Caetano, sente. Unha copa?**

**DON CAETANO**

**Grazas, Sr. Gobernador. O xantar producíume un corte de dixestión. Unha copa non me sentaría ben.**

**MORENO**

**Fixéron o traballo?**

**DON CAETANO**

**Misión cumprida.**

***Entrégalle unha carpeta.***

**MORENO**

**Está completa?**

**DON CAETANO**

**O Comité de Cidadáns de Orde, convocados polo reverendo Don Pascual, que o preside, estivemos reunidos no Pazo da Deputación ata altas horas da noite.**

**MORENO**

**Faltou alguén?**

**DON CAETANO**

**Non. Estivemos todos.**

**MORENO**

**Continúe**

**DON CAETANO**

**Repasamos o censo nome por nome. Aquí ten a relación dos elementos e os informes das súas actividades. Veñen clasificados en tres lotes: Os dos consellos de guerra, Os dos paseos. Os de mala conduta.**

**MORENO**

**Bo servizo á Patria. Grazas. Pode retirarse.**

**DON CAETANO**

**Ás ordes de usía.**

***O Gobernador, Moreno, co doutor Silverito (Víctor Lis) , Xefe dos cívicos.***

**SILVERITO**

***Cádrase. Ás ordes de usía. Preséntase o Xefe da Garda Cívica.***

**MORENO**

**Descanse.**

**SILVERITO**

**Temos zafarrancho?**

**MORENO**

***Saca a segunda carpeta.***

**Aquí ten a relación dos elementos que deben ser eliminados polo procedemento dos paseos. Son da súa responsabilidade.**

**SILVERITO**

**Pásame o lote.**

**MORENO**

***Móstralle a carpeta. Delego en vostede, doutor Silverito, como Xefe da Garda Cívica, a responsabilidade de dirixir as operacións.***

**SILVERITO**

**Grazas! Será un pracer servir a España.**

**MORENO**

**Convoca os xefes das milicias. Xa sabes: Xuventudes de Acción Popular, Falanxe, Cívicos...**

**SILVERITO**

**Á orde de usía.**

**MORENO**

**Encárguese de coordinar os pelotóns de traballo. Eu fornecereino de todo o que precise: números da Benemérita, armamento, munición, automóbiles... do que sexa.**

**SILVERITO**

**Como usía mande. A ver, pásame a lista.**

**MORENO**

**Como non? *Entrégalla.***

**SILVERITO**

**Coño! De primeiro! Aquí está! De primeiro! Téñolle ganas.**

**MORENO**

**Algún coñecido?**

**SILVERITO**

**É un paxaro con moito pico e moita pluma.**

**MORENO**

**Un maricón?**

**SILVERITO**

**Un galeguista de merda moi dado ás palestras e ós panfletos. Xa eu me encargarei do seu peteiro e da súa pluma.**

**MORENO**

**De quen se trata?**

**SILVERITO**

**Francisco Fernández del Riego. O axitador da universidade.**

**MORENO**

**Un estudante?**

**SILVERITO**

**Non ,vén de rematar a carreira de Dereito. Agora é profesor.**

**MORENO**

**Del Riego?**

**SILVERITO**

**O mesmo. O Del Riego. Si, o del Riego.**

**MORENO**

**Sóame moito. Del Riego? Del Riego? Xa caio. O himno co que os roxos nos tiran do xenio.**

**SILVERITO**

**Parece ser que é descendente do famoso Rafael del Riego, o do himno, o de Cabezas de San Juan.**

**MORENO**

**De casta lle vén ó galgo. Si vénlle de casta.**

**SILVERITO**

**Con este informe hai materia para un Consello de Guerra.**

**MORENO**

**Hai armas ou sangue?**

**SILVERITO**

**Non.**

**MORENO**

**É mellor que caia nas nosas mans.**

**SILVERITO**

**O informe non ten desperdicio. escoite:**

**Este elemento, del Riego, chegou á Universidade no ano 31, procedente dos cenáculos republicanos de Madrid. E como dirixente do sindicato da Federación Universitaria de Estudiantes, organizou desordes e algaradas sen parar.**

**MORENO**

**Ese cabrón só trouxo problemas.**

**SILVERITO**

**Incorporouse ó niñoiro de separatistas coñecido como Seminario de Estudos Galegos. Nos seus delirios arredistas chegou a izar a bandeira galega máis dunha vez.**

**MORENO**

**Crime contra a Patria e os seus símbolos.**

**SILVERITO**

**Estaba afiliado ó Partido Galeguista, no que se significou como propagandista e activista nos mitins da campaña electoral da Fronte Popular. Nos que defendía con fogosidade o galego, o Estatuto, a Reforma agraria...**

**MORENO**

**Un desafecto.**

**SILVERITO**

**Andou en todos os contubernios cos separatistas vascos e cataláns, tramando a maneira de romper España e repartirse entre eles as talladas.**

**MORENO**

**Roxo, republicano e separatista. Este é un elemento de sumarísimo. Se o poñen nas nosas mans, por algo será. Ben vido sexa.**

**SILVERITO**

**Xa me encargo eu. Estará agochado. Temos que localizalo.**

**MORENO**

**Son uns cagados. Moito de pico e pluma; pero á hora de poñer os collóns, entóbanse como coellos.**

**SILVERTO**

**Temos bos informadores. Pronto daremos co seu cubil. Ordena algunha cousa máis.**

**MORENO**

**Non. Pode retirase.** *Silverito Saúdo fascista e marcha da escena*

***O refuxio***

**5**

***Francisco agachado na casa duns amigos dos pais.***

**ESTER**

**Pasa, Paquiño, pasa. Estás na túa casa. Xa o falamos o Fernando e mais eu. Foi el quen lle pediu ós teus pais.**

**PACO**

**Grazas, dona Ester. Eu sempre me sentín a gusto nesta casa. Non quero causarlles problemas por nada do mundo.**

**ESTER**

**Paco, ninguén vai sospeitar que estás na nosa casa.**

**PACO**

**Non hai lugar seguro, dona Ester. Non hai lugar seguro. Mire o que trae a prensa, o que di a radio e o que contan as leiteiras.**

**ESTER**

**Hai lugar seguro, Paquiño, hai. Esta casa é un lugar seguro. Nós somos unha familia de lei, católicos de misa e comunión e non nos metemos en política. Quen vai sospeitar de nós?**

**PACO**

**Calquera, dona Ester, calquera que lles teña envexa ou mesmo un falanxista. Ben sabe que os falanxistas ven mal ós católicos e sospeitan ata da propia familia.**

**ESTER**

**Non digas bobadas, Paco.**

**PACO**

**Bobadas? Cada falanxista espía mesmo ós seus camaradas. Son mala xente, dona Ester, mala xente.**

**ESTER**

**Vouche traer algo de comer. Non quero que a túa nai te encuentre desmellorado.**

**PACO**

**Grazas, dona Ester. Os nervios fixéronme un nó no estómago e non me entra nada.**

**ESTER**

**Mira, eu teño que saír á rúa. Voume aviar. Nun credo estou lista. En canto e non, pensa se queres que che traia algo.**

**PACO**

***Escrebe unha carta.***

**ESTER**

**Queres algo de fóra?**

**PACO**

**Se me puidese botar esta carta?**

**ESTER**

**E non ía poder? Trae. Non lle pos remite.**

**PACO**

**Daría pistas. Por favor, teña moito coidado. Temo por vostedes.**

**ESTER**

**Descoida! Vou a Cáritas. Alí conto con amigas de confianza, boas cristiás e almas caritativas. Queres que che traia algo?**

**PACO**

**Os periódicos, por favor.**

**ESTER**

**Regreso nun santiamén. Queda con Deus.**

**PACO**

**Ata a volta, dona Ester.**

## **6**

**FERNANDO**

***Entra.***

**Paco es ben recibido na nosa casa. Espero que te encontres a gusto.**

**PACO**

**Grazas, don Fernando. Non sei como lles poderei pagar o que vostede e mais a dona Ester están a facer por min.**

**FERNANDO**

**Ai, Paco, Paco. A amizade non se paga. Confío en que sigamos gozando da nosa amizade moitos anos.**

**O Vicente encargoume que che entregara este oficio que lle remitiron da Universidade.**

**PACO**

***Le o oficio ...* Este rectorado resuelve suspender de empleo y sueldo así como inhabilitar para el ejercicio de cualquier función pública a don Francisco Fernández del Riego.**

**FERNANDO**

**Malas noticias!**

**PACO**

**Malas. Moi malas.**

# 7

## *Uniforme de soldado*

**ESTER**

**Xa estou de volta. Paco, aquí tes os periódicos.**

**PACO**

**Moitas grazas. *Colle os periódicos e retírase ó seu cuarto.***

**FERNANDO**

**Ester, as cousas van de mal en peor. O rapaz non está seguro.**

**ESTER**

**O Paquiño é un cacho de pan.**

**FERNANDO**

**Estoupou moitos charcos. Informáronme de que teñen á familia e á noiva vixiadas.**

**ESTER**

**Como van desconfiar de nós? Ti es da Adoración Nocturna e eu da Cáritas Diocesana.**

**FERNANDO**

**O Paco é fillo do Vicente e da Amada e nós amigos deles. Iso sábese. E o Vicente, na súa mocidade andou cos agrarios e agora andaba cos republicanos. Non é afecto. Iso tamén se sabe. E a ascendencia da Amada parece ser que está emparentada co xeneral Del Riego. Sexa verdade ou non o sexa, o caso é que o apelido faino sospeitoso. Hoxe todos somos sospeitosos e todos estamos espiados.**

**ESTER**

**Ai, Fernando, por Deus, non me asustes.**

**FERNANDO**

**Temos que buscarlle un lugar máis seguro ó Paco.**

**ESTER**

**A onde vai estar máis seguro que na nosa casa?**

**FERNANDO**

**No exército. Chamaron a súa quinta a filas. Que se presente no cuartel, como están a facer algúns amigos del. Un soldado do exército de Franco está a salvo.**

**ESTER**

**Pode morrer na fronte de combate.**

**FERNANDO**

**Pode. Pero é pouco probable. O uniforme de soldado é o lugar máis seguro para el.**

### ***Posguerra***

## **8**

### ***Con Evelina no Barco de Valdeorras***

**EVELINA**

**Paco, Paco. Canto desexaba este momento. Volverte ver. Volverte abrazar. Volver á túa beira.**

**PACO**

**Tamén era o que eu máis desexaba. Soñei moitas veces con este encontro. Non te imaxinas que longa se me fixo a viaxe.**

**EVELINA**

**Vés canso?**

**PACO**

**Non. Ó baixar do tren, aquí no Barco de Valdeorras, sentín que pisaba na miña terra, que respiraba o meu aire, que me quentaba o meu sol: que estabas ti.**

**EVELINA**

**Has traer fame. Que che poño?**

**PACO**

**En Astorga merquei unha caixa de manteigadas e cominas na viaxe. Agora non teño fame.**

**EVELINA**

**Acabouse a guerra, Paco. Por fin acabouse.**

**PACO**

**Mira, Evelina, a que situación cheguei. Eu, soldado de Franco. Para salvar a miña vida matei os meus ideais.**

**EVELINA**

**Agora, Paco, agora é tempo de resistir. Nós non fixemos a guerra. Nós non matamos os ideais. Ninguén nolos puido matar. Só conseguiron poñelos en hibernación. Revivirán cando volva a primavera. Vés da guerra. Estás vivo. Non estás ferido, non estás eivado. Agora toca resistir.**

**PACO**

**Non é doado sobrevivir, Evelina, non é doado. No campo de batalla, a morte. Na retagarda, os asasinados da noite. Os meus amigos... Que foi dos meus amigos? Uns engulidos polo terror, outros no desterro e outros, outros coreando a Franco. Como sacar da cabeza o Anxo Casal, o Bóveda, o Víctor Casas...? E con eles os ideais, os sonos da nosa Galicia. Que tristura!**

**EVELINA**

**A guerra rematou, Paco, a guerra rematou. Nós estamos vivos. Ti e eu. Xuntos turraremos para adiante. As nosas familias teñen medios. Nós estamos estudados. Buscaremos a nosa forma de vivir. Acharemos un lugar para nós. Seremos felices, Paco, prométocho.**

**PACO**

**Evelina, a ti necesítote. Es o meu amor. Sen ti todo o demais non vale nada. Aínda así, na vida contan, tamén, os ideais, os amigos, o traballo... Todo iso tamén conta.**

**EVELINA**

**Eu non quero ser todo na túa vida, Paco. Eu só quero ser a túa compañeira e que ti sexas o compañeiro meu. E compartiremos todo o demais. Xuntos seremos máis fortes.**

**PACO**

**Só sei que te quero, Evelina. Todo o demais é confusión. Periga a miña liberdade e a miña vida. Non sei que facer. Os amigos, perdidos; os ideais, apedrados; a República, derrotada; a lingua, desterrada; a Autonomía, proscrita. Estou no fondo do pozo. Nin teño forza para camiñar nin vexo un camiño para andar.**

**EVELINA**

**O camiño somos nós, Paco. Ti e mais eu. Agora aséate e descansa. Eu vou tirar ese macuto de piollos que tras da guerra e vouche mercar roupa de persoa. Mañá principiamos de novo. Mañá escríbeslle ós teus amigos que quedan e despois, despois virán máis días e seguiremos vivindo.**

*En Vigo – Recuperar o Galeguismo*

**9**

*Encontro F.F. del RIEGO e GEORGINA (Enrique Peinador)*

**GEORGINA (TARTAMUDEA)**

**Paco, Paco! Que grata sorpresa.**

**PACO**

**Georgina , miña amiga, Georgina**

**GEORGINA**

**A que se debe a túa presenza en Vigo?**

**PACO**

**Agora vivo aquí, en Vigo.**

**GEORGINA**

**Vives en Vigo?**

**PACO**

**Vivo.**

**GEORGINA**

**E eu sen sabelo!**

**PACO**

**Xa levo unha tempada vivindo.**

**GEORGINA**

**Pero, Paco, como non me fixeches unha visita?**

**PACO**

**Non sabía nada de vós. A última vez que nos vimos foi na Semana Galego-Portuguesa. Lébraste? Organizada polo Seminario de Estudos Galegos. A guerra apedrou os nosos soños.**

**GEORGINA**

**E tanto que os apedrou.**

**PACO**

**Eu estou bastante illado. A barbarie destruíu a miña vida e os meus proxectos. Evelina di que están hibernados. Porén, eu non vexo sinais de que rompa a primavera. Se Hitler gaña... Non o quero imaxinar.**

**GEORGINA**

**Leva razón Evelina e tamén ti a levas. As cousas mudan de vagar. Teremos que empurralas para que se poñan en movemento. Como viñeches parar a Vigo?**

**PACO**

**Fuxindo. Tiven que fuxir de Santiago. Non tiña a onde caerme morto. Só se me ofrecía nunha gabiá. Grazas ó amigo Valentín Paz Andrade, que me botou unha man, achei refuxio nesta cidade, na que xa levo uns poucos meses de clandestino.**

**GEORGINA**

**De que vives?**

**PACO**

**Cando cheguei a Vigo viñan de prender o Valentín. Aínda así deixara disposto traballo e pousada para min.**

**GEORGINA**

**Un grande home, o Valentín, un grande home.**

**PACO**

**E un grande amigo. Despois funme abrindo camiño no ensino privado. Pasei fame e pasei medo. Cada día recibía, por teléfono, o saúdo dalgún falanxista recordándome que “estaba a vivir co permiso do enterrador”. Sabes algo do amigo Román. Segue mantendo o estudo de arquitectura?**

**GEORGINA**

**O noso querido Román tamén está a pasar momentos moi duros. Mantén o seu estudo. Non lle vai ben. Vive agachado e illado.**

**PACO**

**Georgina , convídao a un encontro. Quero darlle unha aperta.**

**GEORGINA**

**Iso está feito. Tan pronto se presente a ocasión.**

**PACO**

**Eu vou casar coa Evelina.**

**GEORGINA**

**Parabéns!**

**PACO**

**Grazas. Na súa compañía a vida é máis levadeira. Tamén asisto a un faladoiro no Dervy con vellos amigos, os Andrade e o Carlos Maside. Pero mesmo conversar en galego é perigoso.**

**GEORGINA**

**Temos que falar máis. Pronto nos veremos co Román.**

*(Entra ROMÁN e senta)*

*Román, Paco e GEORGINA (Enrique)*

**GEORGINA**

**Este momento é un soño para min. Volver a xuntármonos xa é unha vitoria. Paco, vento (sospeito) que pronto vai romper esa primavera, que di a Evelina.**

**ROMÁN**

**Cres que Hitler vai perder a guerra?**

**GEORGINA**

**Estou seguro. E con el caerá Franco.**

**PACO**

**A guerra dispersounos e estivo a pique de acabar connosco. Agora mesmo calquera xuntanza é perigosa.**

**ROMÁN**

**Se Franco cae, coa derrota de Hitler, restauraremos a República e o Estatuto empezará a funcionar. O galeguismo revivirá.**

**GEORGINA**

**Oxalá teñas razón. Debemos pensar en reorganizarnos.**

**PACO**

**Nin sequera sabemos cantos quedamos.**

**ROMÁN**

**En Vigo, poucos.**

**PACO**

**E os poucos que somos estamos vixiados.**

**GEORGINA**

**Pois imos dar o primeiro paso nós.**

**PACO**

**Non sei que é o que tes pensado. Por min, adiante.**

**GEORGINA**

**Primeiro temos que saber cantos somos. Facer o relato dos que quedamos e despois ver o modo de reorganizármolos.**

**ROMÁN**

**Para empezar, a idea é boa, pero quen se vai expoñer a facer os contactos? O día menos pensado pode aparecer nunha gabiá.**

**GEORGINA**

**Iso tamén o temos que pensar.**

**PACO**

**A persoa adecuada sería o Piñeiro. Coñézoo ben dos tempos das Mocidades e do Partido. É un home dunha calidade excelente. Supoño que seguirá en Lugo.**

**ROMÁN**

**Si, o Piñeiro é un home listo e prudente. Sería a persoa idónea para facer os contactos.**

**GEORGINA**

**Teño a maneira de saber del. O Vallina, lembrádesvos do Vallina?**

**ROMÁN**

**Home! Foi o secretario do Partido en Lugo.**

**GEORGINA**

**Servando Gómez-Aller de la Vallina é de cerna galeguista. Estades de acordo, non?**

**ROMÁN**

**Por suposto. Foi compañeiro do Partido.**

**GEORGINA**

**Cousas que pasan, iso non o priva, de ser amigo e protexido do poderoso falanxista o Pedrosa. Por iso vén de ser nomeado Delegado do Instituto Social da Mariña en Vigo. Convidoume á toma de posesión e ofrecéuseme para retomar a causa.**

**PACO**

**Pois, xa está. Voulle mandar por el un convite ó Piñeiro para que veña pasar uns días á miña casa.**

**11**

***Reconstrución do galeguismo.***

***Apertas de saúdo entre Piñeiro e Paco***

**PIÑEIRO**

**Non me sorprende o teu convite, este encontro era inevitable. Pero tiven que buscar a maneira de burlar aos do social.**

**PACO**

**Piñeiro, tamén aquí, en Vigo, nos temos que mover na clandestinidade.**

**PIÑEIRO**

**O Réxime mudou os dereitos políticos e culturais en crimes de guerra, suxeitos á xurisdición militar.**

**PACO**

**Pois temos que recuperalos. Temos que refundar o partido e as institucións culturais. No exilio sigue funcionando o partido e séguese a facer cultura. Pero aquí nin unha cousa nin a outra.**

**PIÑEIRO**

**Nós témolo difícil. Estamos a ser vixiados e censurados polo sector clerical, polo sector militar e pola facción falanxista. A propaganda está a endeusar a figura de Franco co mito do Caudillismo e co mito imperial.**

**PACO**

**Disolveron o Seminario de Estudos Galegos. Incautaron os fondos e a biblioteca foi expurgada e rapinada. Arrasaron a editorial Nós. Un xenocidio. Non podemos seguir sendo galegos. A nosa xeración ten que recoller o legado da xeración anterior e transmitilo a xeración que nos suceda.**

**PIÑEIRO**

**Hai que resistir, Paco, temos que resistir. O primeiro é a lingua. A lingua é a esencia espiritual do país. Os fascistas impoñen a lingua castelá como a lingua do imperio. O uso doutra lingua considéranla un atentado contra a unidade de España. O uso do galego está penado como un crime de natureza militar.**

**PACO**

**Pois temos que abanear as consciencias. Temos que remexer as cabezas e abrir fendas nesa ideoloxía totalitaria. Temos que recuperar as institucións.**

**PIÑEIRO**

**A única institución que nos queda é a Academia da Lingua.**

**PACO**

**Pois imos principiar por recuperar a Academia. Imos chamar o Pedrayo. Con el podemos contar.**

***Recuperar a Real Academia Galega***

**12**

**PACO**

Con Pedrayo, entran tamén Carballo e Cunqueiro na conversa

**Pedrayo, chamámoste para estudarmos a maneira de recuperar o uso público da nosa lingua.**

## **PIÑEIRO**

**A Academia é a única Institución Pública que nos queda.**

## **PACO**

**E ten a responsabilidade da lingua e da cultura. Temos que facernos co control da academia.**

## **PEDRAYO**

**A función de control da lingua correspóndelle á política. As Academias da Lingua teñen unha función técnica e pedagóxica.**

## **PIÑEIRO**

**Esa idea, de que a Academia só ten unha función técnica e pedagóxica, podémola usar para nos facer co seu control. Ademais é verdade. As Academias da Lingua funcionan ben nos estados soberanos e nos imperios, que teñen un exército para defendelas. Temos ben aprendido que a lingua e compañeira do poder. Por iso a nosa Academia non é máis que unha sucursal do réxime.**

## **PACO**

**Temos que lle dar á Academia a dignidade e o papel que lle corresponde.**

## **PIÑEIRO**

**A Academia foi un bo puxón do Curros e mais do Fontenla Leal desde a Habana e tamén unha boa idea do Murguía; pero naceu con mal ollo e peores agoiros. Uns considerábana o niñoiro do separatismo. Outros, unha institución inútil.**

## **PACO**

**Pois temos que recuperala. Vainos a vida no empeño. Eu penso como o Murguía: “O pobo que esquece a súa lingua é un pobo morto. O pobo que fala na lingua que non é súa, é unha colonia”**

## **PEDRAYO**

**A Lingua é de seu unha arma política. Os españolistas fan apoloxía do castelán e aldraxan o galego por estratexia colonizadora. Os separatistas úsana como medio para proclamar**

**unha Galiza Ceibe e Soberana. As cousas están así. E resulta que a Academia está ó servizo do españolismo. Que podemos esperar dela?**

**PACO**

**Pois, como dicía Risco, temos o dereito e o deber da reconstrución espiritual, política e económica de Galicia e iso implica a conservación da Civilización Galega na Lingua, na Arte e nos Costumes.**

**PEDRAYO**

**Así é. Temos ese dereito e ese deber.**

**PACO**

**E non no lo poden negar porque nós non imos contra ningunha lingua. Nós vemos con simpatía todas as linguas. Nós somos solidarios con todos os Estados. Nós só queremos usar a nosa lingua e acadar a nosa soberanía. E acabouse a cuestión.**

**CARBALLO**

**A Academia Galega ten que ser o instrumento que potencie a nosa lingua ata a categoría de idioma galego.**

**PIÑEIRO**

**A realidade é que vivimos nunha sociedade que ten asumida a súa dependencia colonial. En consecuencia ten enquistados fondos prexuízos lingüísticos, sociolóxicos e políticos; prexuízos sostidos polos fortes intereses do poder.**

**CUNQUEIRO**

**Pois iso é o que se ten que acabar.**

**PEDRAYO**

**Niso estamos; mais como convertemos os académicos ó galeguismo? A maioría deles son intelectuais de maseira, ou, dito coas palabras do Risco, porcos de pé. A Academia pouco máis é que un elemento decorativo para Galicia.**

**PACO**

**É certo que na situación política, na que estamos, a Academia Galega só ten un valor simbólico. Mais goza de certo carácter representativo.**

**PIÑEIRO**

**Só a nivel oficial.**

**PACO**

**Temos que aproveitalo. Ese valor pode ser o noso instrumento clave. Non nos imos guiar polas ideas dos arredistas, que nos levaría a destruíla. E menos nos imos guiar polos imperialistas españoles, que nos levarían ó suicidio. Temos que ser realistas: O Réxime pon as leis, os noso deber esíxenos tensalas ata dobregalas.**

**PEDRAYO**

**Paco, tes pensado algunha estratexia para facérmonos coa Academia?**

**PACO.**

**Unha sinxela. Moi sinxela. A estratexia da substitución.**

**CUNQUEIRO**

**Cata! Iso sería o ideal. Pero para substituír hai que destituír.**

**PACO**

**Diso encárgase a morte. Pedrayo, na primeira vacante, vas propoñer, como candidato, o Ricardo Carballo Calero. Nós moveremos os fíos para que saia.**

**PIÑEIRO**

**Boa idea. Lenta, pero boa. Se ocupamos as cadeiras da Academia recuperaremos a lingua e a cultura.**

*Despídense con apertas entre todos pero quedan para a seguinte escena Paco e Piñeiro*

**PACO**

**Nós esperabamos que coa vitoria sobre o fascismo caese Franco. Esperabamos iso dos aliados.**

**PIÑEIRO**

**Mira Paco a situación é a que é. A vía política non funciona, Paco, non funciona. No exterior Castelao agoniza e o partido esmorece con el. Os emigrantes non van facer política. Van buscar fortuna. E aquí, no interior, a xente ten dabondo con ocuparse de sobrevivir.**

**Os Estados non se moven por ideais senón por intereses. Xa nolo advertiu o Maquiavelo.**

**PACO**

**E xa ves que pronto se apresuraron a recoñecer e consolidar o réxime de Franco. O Vaticano co pretexto da civilización cristiá e os Estados Unidos co do comunismo.**

**PIÑEIRO**

**A vía que nos queda é a da educación política. Agora toca facer política cultural. Hai que e estimular as consciencias da mocidade. Hai que espertar os ideais hibernados polo terror.**

**PACO**

**Xa o teño falado con Xaime Illa. A idea é fundar unha editorial. Sería o embigueiro que lles aportase ás novas xeracións o proceso cultural tronzado polo golpe de estado.**

**PIÑEIRO**

**A idea é boa. Daríalle continuidade á nosa cultura e ofreceríalle oportunidades á nova vida literaria. Faría un bo papel na**

**reconstrución da identidade galega. Haina que madurar. O réxime non a vai permitir.**

**PACO**

**A xestión e os trámites deixámoslos nas mans do Illa. El móvese ben nese campo.**

***Recuperación de Álvaro Cunqueiro***

**14**

**PACO**

**Álvaro! Pero, se es o Álvaro! Non te facía en Mondoñedo.**

**ÁLVARO**

**A vida dá moitas voltas, Paco.**

**PACO**

**A vida rula para todos, Álvaro. Para todos.**

**ÁLVARO**

**Un sempre retorna ós lugares da infancia, ós amigos da infancia, ós xogos da infancia para buscarse a si mesmo.**

**PACO**

**Eu tamén veño a Lourenzá cando me encontro perdido e preciso encontrarme.**

**ÁLVARO**

**Aquí os montes son maxia, o aire é música, a auga é menciña e a paisaxe é sosego. Eu, de cativo, quería ser escritor.**

**PACO**

**Eu descubrín Galicia en Madrid. Ensináronma os poetas e o Vicente Risco. E fixéronma sentir uns bárbaros, que se mofaban do esperpento da Galicia que circula por España.**

**ÁLVARO**

**Os anos da universidade. Con que fervor vivimos aquel galeguismo republicano! Eu extraviei o camiño... O medo, a presión da familia... Eu quería ser escritor.**

**PACO**

**Todos tivemos medo. Non fuches ti só quen salvou o peello disfrazándoo co uniforme da falanxe. Eu tamén salvei o meu grazas ó uniforme do exército de Franco.**

**ÁLVARO**

**Estou fundido. Déronme de baixa na falanxe. Retiráronme o carné de xornalista. Mesmo pasei pola prisión. A miña economía está na ruína e non é mellor a miña situación familiar.**

**PACO**

**Álvaro, retoma a adolescencia. Volve escribir en galego. Volve inspirarte na maxia dos montes e na música do aire.**

**ÁLVARO**

**Nin teño ganas de escribir, nin xornais que queiran os meus escritos nin editorial que publique os meus relatos.**

**PACO**

**Es a mellor fantasía que coñezo. Comeza a escribir en galego. Xa daremos co medio de publicalo.**

**ÁLVARO**

**Non son capaz de escribir letra. Non me sae nada. Non me concentro. Non durmo ben. Fracasei, Paco, fracasei.**

**Equivoqueime de camiño e de compañeiros de viaxe. Eu quería ser escritor. A falanxe ofreceume a oportunidade.**

**PACO**

**Eu son o responsable do suplemento cultural dos sábados do diario *La Noche*. Quero a túa colaboración. Necesito un texto teu para o número do sábado que vén. Ah, escrito en galego e sobre un tema noso.**

### ***Paco académico***

**15**

**PEDRAYO**

**Paco, a Academia marcha ben. Voute propoñer a ti como candidato para a cadeira de Cuevillas.**

**PACO**

**Non. Eu non podo aceptar.**

**PEDRAYO**

**E como non vas poder?**

**PACO**

**Teño todo o tempo ocupado.**

**PEDRAYO**

**Ti non tes que facer nada. Eu presento a túa candidatura e punto.**

**PACO**

**Estou a facer o meu traballo con bos resultados. Imos ocupando nós as cadeiras vacantes e a Academia vai collendo o Norte.**

**PEDRAYO**

**Ese traballo, que ti fas, xa está encamiñado. Necesítamoste. Eles presentan a súa candidatura. Se nós te presentamos a ti, gañamos e aseguramos a maioría.**

**PACO**

**Ramón, acepto por disciplina. Non por gusto nin por convencemento.**

***Día das letras galegas***

**16**

**EVELINA**

**Feliz día, Paco, feliz día do Libro.**

**PACO**

**Es un amor, Evelina. Sinto non che corresponder como mereces. Pídoche que me excuses.**

**EVELINA**

**Anda, Paco, anda. Deixa de dicir prosmeiradas e abre o paquete.**

**PACO**

**Cantares Gallegos! Descubrín a Rosalía en Madrid, cando tiña 17 anos. Foi alí a onde me fixen galeguista e republicano.**

**EVELINA**

**Nesas datas eu estudaba na Universidade Central. O pote da política fervía a cachón.**

**PACO**

**Desde aquela teño un exemplar en cada mesa de traballo. Este levareino sempre comigo. Dáme un retrato teu para usar de marca páxinas.**

**EVELINA**

**Ai, meu Paquiño, como non te vou querer?**

**PACO**

*Follea o libro con devoción.*

**Rosalía presenta unha Galicia con identidade propia e reivindica os trazos que a individualizan: o idioma, a retranca, a rebeldía... Todo o que define a Galiza como unha nación.**

**EVELINA**

**Rosalía mira Galicia con ollos de muller e percíbea coa cabeza e co corazón.**

**PACO**

*Co libro aberto no prólogo*

**E reivindica a lingua, como a voz do espírito do pobo.. E a esa lingua aprendida de oídas comeza a darlle a súa gramática. Con Rosalía a fala recupera a dignidade de lingua.**

**EVELINA**

**Coa Isabel, a Católica, a lingua refuxiouse nas aldeas e nas montañas. Con Rosalía regresou ós libros e ás bibliotecas.**

**PACO**

**Pois co Franco pasou o mesmo. Vés de darme unha idea.**

**EVELINA**

**Vaia novidade. Non hai día que non che se ocorra unha idea.**

**PACO**

**É unha idea que vén dando voltas na miña cabeza desde hai tempo. Faltábame esa chispa que ti fixeches saltar.**

**EVELINA**

**Non paras, Paco. Que estás pensando facer? As túas ideas son proxectos. Pensas na acción.**

**PACO**

**Este ano que entra cúmprense o centenario da publicación de Cantares Gallegos. E pon a data: Santiago, 17 de maio de 1863.**

**Esa data non podemos deixar que pase sen máis. Témola que celebrar con toda solemnidade.**

**EVELINA**

**Ai, Paquiño, por Deus, rapara a onde te metes. Xa debías estar escarmentado. Os estudantes e os obreiros andan revoltos. Todo o país está en folga. Franco decretou o estado de excepción nas Vascongadas e Asturias. Teño medo, Paquiño, teño medo que, á hora menos pensada, se presenten os da político-social e te recollan.**

**PACO**

**É un bo momento, Evelina, temos que aproveitar a ocasión. Con tanto barullo, podemos colarlla.**

**EVELINA**

**Ai, meu Paquiño, que ti es moi botado para adiante. Non esquezas que tiveches que estar entobado e que eles ían por ti coa escopeta cargada. Estiveches preso. Non unha vez. Dúas.**

**PACO**

**Non podemos deixar que pase esa data. É unha boa ocasión.**

**EVELINA**

**A brigada anda rabiosa.**

**PACO**

**Contra os políticos. O noso é cultural e non vai contra ningún. Só pedimos que se celebre un acto. E por enriba a protagonista é unha muller. Hano tomar como algo folclórico.**

**EVELINA**

**Non, Paco, non. Queres facer oficial a festa do galeguismo. Pódente demandar por delito político moi grave. Caerache cadea perpetua ou algo peor.**

**PACO**

**Mira, Evelina, temos que ir abrindo fendas na censura. Se iso nos custa volver á cadea, vólvese. Algúns amigos morreron**

**prematuramente no intento, como o Bóveda. Outros salvaron a vida no exilio, como o Castelaio. Outros cubriron a pel con uniforme da Falanxe, como o Cunqueiro ou refuxiáronse nos templos como o Risco. Os que estamos aquí, temos que dar a cara e poñer o peito.**

**EVELINA**

**Eu, Paquiño, ben o sabes, eu sempre estou contigo. Pero, polo que máis queiras, anda con moito tino.**

**PACO**

**Non, Evelina, España é unha idea non é un réxime nin unha forma de Estado.**

**EVELINA**

**Iso é política, Paco. Iso é política.**

**PACO**

**Nós só queremos restaurar a lexitimidade republicana e avanzar de cara a unha Federación Ibérica.**

**EVELINA**

**O que eu che digo, Paco, o que eu che digo. Vante acusar de romper España. Canta xente levan detido xa no que vai de ano?**

**PACO**

**Só imos celebrar a nosa lingua e e honrar os nosos escritores.**

**EVELINA**

**Non. Vós ides facer loita política. Cantas veces repites que a lingua é compañeira do imperio? Cantas veces repites aquilo da doma e castración de Galiza levada a cabo polos Reis Católicos?**

**PACO**

**É verdade. Todos os imperios exterminan as linguas dos pobos sometidos como técnica de castración da súa capacidade creativa. Máis o dominio está no interior das mentes. E iso xógase na cultura e na pedagogía.**

**EVELINA**

**Non escarmentas, Paco. Non escarmentas. Por esas ideas é polo que estás vivindo como Damocles, coa espada pendurada enriba da túa cabeza, como ti dis.**

**PACO**

**Só pido institucionalizar unha festa na honra de Rosalía para conmemorar a edición de Cantares Gallegos.**

**EVELINA**

**Sabes que a lingua castelá contén a esencia da hispanidade, é a arca que garda a reserva espiritual de occidente custodiada polo Caudillo. E ti pretendes substituíla pola lingua galega impunemente?**

**PACO**

**O que pretendo é institucionalizar o Día das Letras Galegas.**

**EVELINA**

**Paco, eu vou darlle unha graza a estes pelos e ó fotógrafo. Repara ben no que fas.**

**PACO**

**Vai tranquila, muller, vai tranquila. E sorri. Quérote sorrindo. O sorriso é o sol da túa cara.**

**EVELINA**

**Teño o corazón nun puño. O que pretendes non é inocente.**

**17**

**Elección do 17 de maio**

**PEDRAYO**

**Celebro estar convosco**

**PIÑEIRO**

**Xa estamos os tres “pes”: Paco, Pedrayo e Piñeiro**

**PACO**

**Xa estamos os tres “pés” , agora somos maioría na Academia. A Academia ten que dar un paso a adiante .**

**PIÑEIRO**

**Paco, fala claro. Ti non nos convocaches para divagar. Que tras entre as mans?**

**PACO**

**Recórdovos que o 17 de maio fai cen anos que saíu do prelo Cantares Gallegos. Propono que esa data se declare Día das Letras Galegas.**

**PIÑEIRO**

**Que tes pensado?**

**PACO**

**Que sexa a Academia quen, co motivo do centenario, o declare oficialmente.**

**PEDRAYO**

**Considero a proposta interesante e sedutora. Porén dubido que a moción vaia a ramo. Os numerarios non queren comprometerse. A terrible represión que estamos a soportar é un atranco que temos que considerar.**

**PACO**

**Eu convencereinos. A Academia é a Catedral da lingua. Algo frío. Necesita dun santo que propicie o fervor. Declaramos o 17 de maio festa de Rosalía. Ninguén votará en contra. Despois cada ano a un autor.**

**PEDRAYO**

**Como un xacobeo literario.**

**PACO**

**Como un xacobeo literario.**

**PEDRAYO**

**Estou seguro que o Presidente vai apoiar a moción. Se o Sebastián vai connosco a proposta sae.**

**PIÑEIRO**

**Será ben que os asinantes da solicitude non teñan antipatías entre os numerarios. Debemos evitar que as liortas persoais nos resten votos.**

**PACO**

**Voulle pedir a Manuel Gómez Román e a Xesús Ferro Couselo que asinen comigo a solicitude.**

**PIÑEIRO**

**De acordo**

**PEDRAYO:**

**Son as persoas adecuadas. *(Danse a man e despídense)***

***Casa Galega da Cultura***

**18**

***Con Fermin Penzol***

**PACO**

**Fermín, temos a Editorial Galaxia, temos a Academia da Lingua, temos o Día da Letras Galegas, temos a cultura en marcha, pero fáltanos darlle pousada. Fáltanos A Casa Galega da Cultura.**

**FERMÍN**

**A Casa Galega da Cultura?**

**PACO**

**Si. Un espazo para o noso corpo cultural.**

**FERMIN**

**Claro. Un corpo precisa dun espazo.**

**PACO**

**Non un relicario, senón un lugar activo. Un lugar de memoria e sementeira, no que se conserve vivo o ADN do noso Pobo como a fonte na que os nosos mozos se nutran da nosa tradición cultural.**

**FERMIN**

**Como o Seminario de Estudos Galegos?**

**PACO**

**Como o Seminario de Estudos Galegos. *Marcha PACO***

**19**

## **A BIBLIOTECA**

**PIÑEIRO**

***Entra. Foise don Armando.***

**FERMÍN**

**Xa fai un ano para decembro que faleceu.**

**PIÑEIRO**

**Tiña unha biblioteca impresionante.**

**FERMÍN**

**Impresionante.**

**PIÑEIRO**

**A ver se che vai pasar como a don Armando.**

**FERMÍN**

**Que lle pasou?**

**PIÑEIRO**

**Os herdeiros repartiron a biblioteca. Cada un vendeu a súa parte por tres patacóns. Agora os libros andan dispersos e a biblioteca está desfeita.**

**FERMÍN**

**O libreiro Bardón ofreceume uns lotes a prezo de ganga.**

**PIÑEIRO**

**Don Armando empeñou toda a vida en construír biblioteca e, en menos dun ano, non queda nada nin da biblioteca nin do seu nome. Nós vivimos na memoria. Non é a morte quen acaba con nós, son os herdeiros, amigo Fermín, son os herdeiros.**

**FERMÍN**

**O Bardón anda encima de min para que lle venda.**

**PIÑEIRO**

**E tes disposto o que vai ser da colección?**

**FERMÍN**

**Pois mira que tedes teima coa morte?**

**PIÑEIRO**

**Estás vivo, non?**

**FERMÍN**

**Estou**

**PIÑEIRO**

**Pensas que vas durar sempre?**

**FERMÍN**

**No me amoles, Piñeiro. Pouco paso dos cincuenta e polo de agora non teño pensado morrer. Non me cae ben. Ademais, está Blanca, a miña muller. É cousa dos dous.**

**PIÑEIRO**

**Non son eu quen de darche consellos. Pero algo tan valioso, como é a colección, sería un mágoa que fose tan efémero como as vosas vidas. Merece garantirlle a transcendencia.**

**FERMIN**

**Non che falta razón. A desfeita da biblioteca do don Armando afectounos a Blanca e mais a min. E estamos pensando en legarlle a nosa colección íntegra a unha Fundación.**

**PIÑEIRO**

**A unha Fundación galega, supoño.**

**FERMÍN**

**Home claro! A unha fundación galega.**

**PIÑEIRO**

**Situada en Galicia.**

**FERMÍN**

**Naturalmente. Aí atrás expúxome o Paco del Riego o seu programa cultural do Partido Galeguistas para a futura República Federal Ibérica. No capítulo cuarto, propoñía crear a Casa Galega da Cultura e suxeríame principalmente coa miña colección.**

**PIÑEIRO**

**Algo diso me comentou. E non me parece desatinado.**

**FERMIN**

**Estamos pensando en legala á Editorial Galaxia e deixar como o seu director ó del Riego.**

**PIÑEIRO**

**Excelente idea e excelente director.**

***Remate da historia. Regreso ó presente (17 de maio do 2023)***

## Final coroa de loureiro

20

**PEDRAYO**

**Este é o teu día, Francisco. O día do teu Xacobeo.**

**ÁLVARO**

**O día grande da Romaría Farrucana.**

**Lourenzá é hoxe a Compostela e o Teixido do galeguismo.**

**Un cohiba, Paco. Hoxe un cohiba. *Risas***

**PACO**

***Tamén ri ofrécelle cohibas a todos.***

**Convido eu.**

**PEDRAYO**

**Non imaxinaba que aquel feito inofensivo de instaurar o Día das Letras Galegas xerara esta onda de entusiasmo galeguista que xerou.**

**PACO**

**Hoxe o galego é o noso idioma.**

**CARBALLO**

**Eminencias hoxe cómpreme recibir no Panteón dos Galegos Inmortais aquel vello amigo, que coñecín no Seminario de Estudos Galegos, arestora teño que che dicir, ben vido, amigo Francisco Fernández del Riego, ó Retablo dos Galegos Ilustres. Desde a túa furna serás memoria dos nosos devanceiros e mestre e exemplo para as xeracións futuras.**

**PACO**

**Acepto por Galicia. Por ela vivín e loitei.**

**PEDRAYO**

**Ponlle a coroa ó Paco dunha vez e vamos meterlle unha de polbo e un viño espadeiro. O exordio dunha celebración ha principiar por poñer a tripa leda.**

**CARBALLO**

*Mostra a coroa de loureiro.*

**CARBALLO**

**Paco, esta coroa de loureiro que che imos cinguir é o símbolo da inmortalidade. Con esta cerimonia ti sobes ó retablo dos ilustres galegos laureados de gloria.**

**CARBALLO**

*Ponlle a coroa de loureiro*

**Viva Galicia Ceibe.**

**PACO**

**Viva a República Federal Ibérica.**

*Soa o Himno do DEL RIEGO.*

**Viva, Viva, Viva.**

**Viva, Viva, Viva.**

*Segue o Himno do DEL RIEGO.*

**Fin**